

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA), PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ADAPTACIÓN DE DOCUMENTOS XUDICIAIS A LECTURA FACIL EN 2023**

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

**REUNIDOS**

D. **Diego Calvo Pouso**, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E D. **Eladio Fernández Pérez**, presidente e representante legal da Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA), en representación desta federación, de conformidade co establecido no artigo 26 dos seus estatutos.

**EXPOÑEN**


**Primeiro.** A Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), é unha entidade sen ánimo de lucro que canta na actualidade con 40 entidades galegas federadas que prestan servizo a 6.325 persoas con discapacidade intelectual. As entidades de FADEMGA Plena inclusión Galicia están formadas por unha rede de 125 centros nas catro provincias galegas, nas que traballan un total de 1.291 profesionais e contan co apoio de 1.234 voluntarios. FADEMGA ofrece servizos ás persoas a través das súas entidades e ademais dende os programas que se desenvolven dende a propia federación, como son: o programa de "Atención a familias", o programa "Atención integral a persoas con discapacidade intelectual reclusas e ex- reclusas ou sometidas a medidas alternativas", o programa para a "prevención do delito, violencia e discriminación contra persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento", etc.

**Segundo.** A Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade inclúe o dereito de acceso á xustiza no seu artigo 13 e garante o acceso en igualdade de condicións. Tamén prevé a adopción de medidas de accesibilidade, axustes de procedemento e prestación dos apoios necesarios para poder exercer os dereitos en igualdade de condicións. Así mesmo a Lei de accesibilidade de Galicia 10/2014 do 3 de decembro, contempla na súa articulo 34 que as Administracións públicas adaptasen os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas, empregando a lectura fácil, por ser unha solución de accesibilidade que fai posible que persoas con problemas de comprensión lectora poidan acceder á información

**Terceiro.** A discapacidade intelectual implica unha serie de limitacións nas habilidades que a persoa aprende para funcionar na súa vida diaria e que lle permiten responder ante distintas situacións e lugares. Esta discapacidade exprésase na relación coa contorna. Por tanto, depende tanto da propia persoa como das barreiras ou obstáculos que ten ao redor. Se logramos unha contorna máis fácil e accesible, as persoas con discapacidade intelectual terán menos dificultades, e por iso, a súa discapacidade parecerá menor. Ás persoas con discapacidade intelectual cústalles máis aprender, comprender e comunicarse, e en particular, presentan maiores dificultades para entender o proceso xudicial e o seu resultado, debido ás barreiras cognitivas e estruturais que presenta a xustiza. Coa finalidade de paliar esta situación, a FADEMGA está a desenvolver o proxecto "Adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil que afectan a persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora", co que pretende mellorar o acceso á xustiza destes colectivos.

**Cuarto.** Á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co disposto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento así como outros colectivos con dificultades de comprensión lectora, teñan acceso á Administración de xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.

**Quinto.** A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena inclusión Galicia) queren impulsar novas xeitos de colaboración que posibiliten o acceso á Xustiza en Galicia ás persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora, a través do programa "Adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil", de modo calquera órgano ou servizo xudicial de Galicia que tramite un procedemento que afecte a una persoa con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con



dificultades de comprensión lectora, pode solicitar á FADEMGA Plena inclusión Galicia a adaptación da documentación.

Os técnicos de FADEMGA Plena inclusión Galicia adaptan o documento a lectura fácil, e unha vez adaptado, un grupo de persoas con discapacidade intelectual validan devandito documento para garantir a súa comprensión.

**Sexto.** Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena inclusión Galicia) é a única federación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas para o achegamento da Xustiza ás persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento así como outros colectivos con dificultades de comprensión lectora.

**Sétimo.** A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

En consecuencia, ao abeiro do exposto, e no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia) para a implantación por esta dun proxecto de adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento e con dificultades de comprensión lectora. En particular, o obxecto deste convenio consiste no apoio financeiro á FADEMGA para que esta poida desenvolver o seu proxecto denominado "Adaptación de documentos á lectura fácil".

Así, calquera órgano ou servizo xudicial de Galicia que tramite un procedemento que afecte a una persoa con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora, poderá solicitar a adaptación a lectura fácil da documentación de referencia.

## Segunda. Obrigas da FADEMGA

A Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena inclusión Galicia) comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes da federación, e o dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
2. Difundir a existencia do seu proxecto de actividades, informando aos profesionais da Administración de xustiza en Galicia das posibilidades de apoio que supón para os órganos xudiciais.
3. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
4. Poñer á disposición da autoridade xudicial, cando así sexa solicitado por esta, información relativa aos posibles destinatarios do uso.
5. Difundir o contido das actividades desenvolvidas pola FADEMGA relacionadas co teor do presente convenio, mediante a realización de actuacións informativas, seminarios e xornadas técnicas.
6. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto

9. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

10. As partes asinantes virán abrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos} e demais disposicións vixentes sobre a materia"

### **Terceira. Procedemento de actuación para a adecuación dos documentos a lectura fácil**

Os traballos consistirán en adaptar a Lectura fácil a documentación xudicial que afecte ás persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora. A lectura fácil é un método que recolle un conxunto de pautas e recomendación relativas á redacción de textos, deseño e maquetación de documentos e a validación da comprensibilidade dos mesmos, destinado a facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora.

As adaptacións a lectura fácil terán un carácter informativo sen valor legal.

Os traballos realizaranse segundo os criterios que establece a Norma UNE 153101. Lectura Fácil. Pautas e recomendacións para a elaboración de documentos.

Os traballos consistirán en adaptación e validación, que son dúas fases do mesmo proceso.

a) **Adaptación:** é a actividade pola que se adecúa un documento a Lectura Fácil.

A adaptación da documentación iníciase tras solicitude recibida por correo electrónico por parte dun órgano xudicial. O correo electrónico deste proxecto é [accesibilidade@fademga.org](mailto:accesibilidade@fademga.org)

A adaptación levarase a cabo por parte dunha adaptadora, tendo en conta ademais as pautas e recomendacións referidas a deseño e maquetación.

Recolleranse as indicacións do órgano xudicial consensuando o proxecto de adaptación, se fose necesario.

Organizase a información e tomaranse decisións sobre os datos analizados en función do obxectivo do documento e da persoa destinataria.

Elaborarase un borrador de documento en lectura fácil.

Se procede, comprobarase co Maxistrado ou Letrado da Administración de Xustiza que o borrador se axusta ao propósito do documento orixinal.

Trasladarase ao dinamizador da validación o borrador en lectura fácil sen datos persoais e as indicacións do órgano xudicial.

b) **Validación:** é o proceso guiado de avaliación da comprensibilidade de un documento en lectura fácil, que debe realizarse por persoas con dificultades de comprensión lectora similares ás dos usuarios finais do documento.

A validación realizase a partir do borrador do documento en lectura fácil, polo menos con 3 persoas validadoras como mínimo, con dificultades de comprensión lectora. Neste caso as persoas validadoras serán persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

O profesional dinamizador recibe o borrador do documento en lectura fácil sen datos persoais e planifica a sesión ou sesións de validación necesarias. Cada sesión de validación dura 3 a 4 horas como máximo.

O dinamizador dirixe a sesión e os validadores realizan as aportacións necesarias que se incorporan ao borrador e confírmanse cos validadores.

#### **Cuarta. Obrigas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará na realización das actuacións a que se retire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, como contribución aos gastos soportados por FADEMGA Plena inclusión Galicia pola realización do seu proxecto de actividades.

#### **Quinta. Libramento de fondos**

A achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos seguintes:

##### **1.- Pagamentos anticipados:**

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da federación, a Dirección Xeral de Xustiza concedera un anticipo de ata un 10% da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 63 Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009.



- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.- Pagamentos a conta:

Así mesmo poderán realizarse pagamentos parciais, a pedimento da FADEMGA, á conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos e os pagos realizados, ata acadar xunto cos pagamentos anticipados o 80% da subvención concedida

3.- Resto pagamentos:

O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA) e unha institución sen ánimo de lucro, a citada Federación queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se o importe do anticipo xunto cos importes dos pagamentos a conta, unha vez comprobada a documentación xustificativa aportada pola federación, resultase superior ao importe da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, iniciárase o correspondente procedemento de reintegro pola cantidade pagada en exceso, segundo o establecido no capítulo II do Decreto 11/2009.

FADEMGA Plena inclusión Galicia incorporará, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos; e, por outra, unha relación clasificada dos gastos da actividade, na que se faga constar: a identificación do acredor e do documento, xunto co seu importe, data de emisión e data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia; e, se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.



O representante da FADEMGA Plena Inclusión Galicia acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentárase unha declaración do conxunto de axudas solicitadas -tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución- para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado por FADEMGA Plena inclusión Galicia, que servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculando este como unha porcentaxe do custo final da actividade, o pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que debe alcanzar dita achega respecto do custo total, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrada en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, a FADEMGA deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera FADEMGA Plena inclusión Galicia como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto de convenio e que se efectuaron con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2023**.



#### **Sexta. Gastos subvencionables.**

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2023 e a data límite de xustificación**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quedan excepciónados deste prazo límite de xustificación á nómina do mes de decembro, así como as obrigas tributarias e coa Seguridade Social dos meses comprendidos no período de execución do convenio, que non se poidan facer efectivos antes da data de presentación da xustificación, e que se considerarán subvencionables de ser efectivamente pagados.

Cando formen parte da conta xustificativa a nómina de decembro, os ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes pagamentos, ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o seu importe.

As entidades beneficiarias quedan obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o 31 de xaneiro de 2023.

Os custos indirectos -tales como axudas de custo, viaxes ou consumibles- formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados por FADEMGA Plena inclusión Galicia á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de **xustificación comprendida entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data límite de xustificación**.

#### **Sétima. Compatibilidade con outras axudas**

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### **Oitava. Publicidade**

En toda difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recolleitas no presente convenio, farase referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais



FADEMGA Plena inclusión Galicia, incluíndose a imaxe corporativa de ambas as dúas institucións.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Novena. Seguimento do convenio**

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha comisión mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e un representante da FADEMGA .

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento e deberase reunir cando o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- interpretación do convenio
- proposta, se é o caso, de addendas
- intervención previa á resolución por incumprimento
- acordo previo para a realización das actuacións recolleitas na cláusula oitava
- calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio

#### **Décima. Vixencia do convenio**


A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, palas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá o 30 de decembro de 2023.

#### **Décimo primeira. Modificacións e resolución do convenio**

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

A FADEMGA poderá solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación no orzamento inicial presentado, sempre que as actuacións estean comprendidas dentro do obxecto do convenio establecido na cláusula primeira e que o importe total do orzamento total non varíe. As solicitudes de modificacións do convenio deberán estar suficiente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Xustiza, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribita polas mesmas autoridades que asinan este, se as partes, consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de dotar unha maior aportación



económica ao mesmo, e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.

2.- O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Décimo segunda. Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa. As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, precedendo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que poida xurdir na súa aplicación.

#### **Décimo terceira. Normativa aplicable**

O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, é asinado polas partes comparecentes no lugar e data que se indican no encabezamento.

O Vicepresidente Segundo e Conselleiro  
de Presidencia, Xustiza e Deportes



Diego Calvo Pouso

O Presidente da Federación Galega de  
Asociacións en favor das Persoas con  
Discapacidade Intelectual ou do  
Desenvolvemento (FADEMGA),



Eladio Fernández Pérez